



ARTE ROMANO

Cultura Clásica. IES Alexandre Bóveda

ARQUITECTURA ROMANA

- A orixe da arquitectura romana é a mestura da arte etrusca e o influxo grego.
- **Características xerais:**
 - *Monumentalidade*: arte como propaganda do Imperio.
 - *Pragmatismo*: é unha arte utilitaria, práctica, funcional.
 - *Síntese doutros estilos*: asimilan aqueles elementos doutras culturas que lles interesen.
 - Novos elementos construtivos: *arco e bóveda*. É unha arquitectura abovedada, non adintelada como a grega.
 - Ordes: seguen coas ordes gregas pero cran tamén
 - *Orde toscana*: como o dórico, pero con fuste lizo e basa.
 - *Orde composta*: no capitel mestura volutas como o iónico e follas de acanto como o corintio. Orde preferida polos romanos.



TIPOLOXÍAS ARQUITECTÓNICAS ROMANAS

A arquitectura romana foi moi variada, creando moitas tipoloxías novas, en función das súas necesidades.

○ **Arquitectura doméstica:**

- *Domus*: casa tradicional romana coas habitacións organizadas en torno a un patio central. Importantes as de Pompeia, Herculano ou Ostia.
- *Villas*: como as domus pero situadas nas aforas de Roma.
- *Insulae*: bloques de pisos de ata cinco alturas para os romanos máis pobres.



Reconstrución do interior do atrio dunha domus



Casa dei Vetti, Pompeia

○ Arquitectura civil:

- *Basílica*: lugar de reunión para relacións comerciais ou para impartir xustiza. Planta rectangular dividida en naves por columnas. Esta tipoloxía será adoptada polos cristiáns para os seus templos. Ex.: *Basílica de Maxencio*.
- *Termas*: recintos públicos destinados ao baño e centro da vida social romana. Ex.: *Termas de Caracalla*.
- *Anfiteatro*: novidade romana que xurde da unión de dous teatros e servía para xogos e loitas de gladiadores. Ex.: *Coleso romano* ou *Coleso de Nimes*.
- *Teatro*: parte da idea grega pero, a diferenza destes, non os excavan nas ladeiras das colinas senón que os fan exentos. O coro pasa a ser semicircular. Ex.: *Teatro Marcelo* de Roma ou *Teatro de Mérida*.
- *Circo*: inspirados nos estadios gregos, servían para as carreiras de cuádrigas. Tiñan forma oval, moi alongada. Ex.: *Circo Máximo*.



Basílica de Maxencio



Anfiteatro de Nimes



Circo Máximo

○ Monumentos conmemorativos:

- *Arco de triunfo*: reflicte a grandeza e o desexo de perpetuar as xestas do pobo romano. Formado por un ou varios arcos sostidos por piares. Ex.: *Arco de Tito* e *Arco de Constantino*.
- *Columnas conmemorativas*: son columnas con decoración escultórica que narran algunha hazaña relevante. Ex.: *Columna Trajana*.

○ Infraestruturas: gran importancia das obras de enxeñería pública.


- De comunicación: calzadas, pontes, portos, pantanos...
- De tipo sanitario: acuedutos e cloacas.

○ Arquitectura relixiosa: o templo foi o lugar de culto ao panteón romano. Mestura ideas etruscas e gregas. Dous tipos:

- *Templo rectangular*: o máis común. Adintelado, de influxo grego. Ex.: *Maison Carrée*.
- *Templo circular*: abovedado, normalmente pequenos, agás o *Panteón de Roma*, o mellor exemplo desta tipoloxía.



Arco de Constantino



Maison Carrée

PANTEÓN DE ROMA

Ficha técnica:

- *Título:* Panteón de Roma (ou Panteón de Agripa)
- *Autor:* Anónimo
- *Estilo:* Romano
- *Cronoloxía:* s. II d. C.



Análise

- Este templo está situado en Roma e foi encargado polo xeral Marco Agripa.
- É un edificio relixioso dedicado a todos os deuses, incluídos os emperadores anteriores xa divinizados. A súa estrutura circular permitía acoller a todos os deuses sen darlle a ningún un lugar preferente.
- Esta obra é unha das máis importantes da arquitectura romana e icona deste estilo. O templo romano normalmente tiña forma rectangular, sendo poucos os exemplos circulares, polo que resulta unha innovación.

O COLISEO

Ficha técnica:

- *Título:* O Coliseo
- *Autor:* Anónimo
- *Estilo:* Romano (imperial)
- *Cronoloxía:* s. I d. C.

Análise:

- Este anfiteatro está situado en Roma. Foi construído durante o mandato do emperador Vespasiano e acabado polo seu fillo Tito, quen converteu a súa inauguración nunha festa que durou 100 días.
- O nome de Coliseo, co que se coñece dende a Idade Media, fai referencia ao “coloso” de Nerón, unha enorme estatua que se alzaba nas súas inmediacións.
- O Coliseo é un anfiteatro, unha tipoloxía arquitectónica de tipo civil, orixinal romana e de moito éxito nesa época. É un espazo circular destinado á loita de gladiadores e animais, entre outros.



ARCO DE TITO

Ficha técnica:

- *Título:* Arco de Tito
- *Autor:* Anónimo
- *Estilo:* Romano
- *Cronoloxía:* s. I d. C.

Análise:

- Este arco está situado en Roma, cerca do Foro.
- O arco conmemora a toma de Xersalén polo futuro emperador Tito uns anos antes.
- Esta obra é unha das máis importantes da arquitectura romana. É un arco do triunfo, unha arquitectura conmemorativa, inicialmente efémera pero que no Imperio Romano converteuse en permanente.



ACUEDUTO DE SEGOVIA

Ficha técnica:

- *Título:* Acueduto de Segovia
- *Autor:* Anónimo
- *Estilo:* Romano
- *Cronoloxía:* s. I d. C.

Análise

- Este acueduto estaba destinado a levar auga de Fontefría, na Serra de Guadarrama, á cidade de Segovia. En total 17 kms. de acueduto.
- Esta obra é unha das máis importantes da arquitectura romana e símbolo da importancia que os romanos outorgaron ás infraestruturas.
- Tamén é exemplo da gran importancia da arte romana en España.



TEATRO DE MÉRIDA

Ficha técnica:

- *Título:* Teatro de Mérida
- *Autor:* Anónimo
- *Estilo:* Romano
- *Cronoloxía:* s. I d. C.



Análise:

- Este teatro está situado en Mérida (Emérita Augusta), unha das principais cidades romanas en España, fundada polo emperador Augusto no s. I a. C. Pola súa importancia eleváronse un gran conxunto de edificios para espectáculos, teatro, anfiteatro e circo, aínda hoxe conservados.
- Esta obra é unha das máis importantes da arquitectura romana, exemplo da gran importancia da arte romana en España,